

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLE/2018/4	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	3 de maio de 2018
Duración	Desde as 20:06 ata as 22:32 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
35302226D	ALBA CORDEIRO MAGDALENO	SÍ
78732036T	ALFREDO IGLESIAS SANTOS	SÍ
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
36042960M	DOLORES GALLEGO SANTOS	SÍ
52494246N	FRANCISCO SOLIÑO SOLIÑO	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
35300902L	JESUS MANUEL GRAÑA GRAÑA	SÍ
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	SÍ
35285485N	JOSE É SOTELO VILLAR	SÍ
36102469J	JOSÉ LUIS GESTIDO PORTO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78735128X	MARIA DOLORES HERMELO PIÑEIRO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ





76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734493L	PÍO MILLÁN BLANCO	SÍ
78735144A	RAFAEL SOLIÑO COSTAS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁN XELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación das actas das sesións anteriores realizadas os días 22 de marzo e 17 de abril de 2018

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

O Sr. Gestido rexeita o cambio do día do Pleno ordinario, xa que se transmitiu que se pasaría ao primeiro venres do mes e non foi así, cre que é unha falta de respecto para a cidadanía e tamén para os concelleiros.

O Sr. Alcalde explica que o cambio se debe a que un grupo político tiña un problema de axenda para este venres, e por iso se cambiou para a data de hoxe. Lembra que non é a primeira vez que se fai, en atención ás características dos diferentes grupos municipais.

O Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar as actas da sesión realizada o día 22 de marzo de 2018, coas seguintes correccións:

O Sr. Hermelo Álvarez di que na sesión do 22 de marzo do 2018, no punto referido ao expediente 1363/2018, relativo á reprobación do Sr. Mera Herbello, na súa última intervención dixo que "o PP no ten capacidade para reprobar a ningún concelleiro vendo o acontecido na corporación anterior."

No punto do referido ao expediente 1364/2018 relativo á FEMP, onde falan do pronunciamento de ACE deberían dicir Aspun.

O Sr. Iglesias Santos, di que no punto relativo ao expediente 1363/2018, na súa intervención quere matizar que "cada catro anos son os veciños/as os que deciden sobre o futuro dos cocelleiros da corporación".





O Sr. Sotelo Villar, di que na páxina 13, na votación, pon "votos a favor 7 (7 dos/as concelleiros/as presentes do PP, 1 do PsdeG-PSOE)" polo tanto son 8 votos a favor.

O Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a acta da sesión anterior realizada o día 17 de abril de 2018.

Expediente 2017/2018. Moción conxunta s/ solicitude á Deputación de melloras na estrada 1002 "A Magdalena-Herbello"

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Incidencias:

Cando son as 20:10 horas, incorpórase ao Salón de Sesións o concelleiro Sr. Graña Graña.

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 26.04.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción conxunta dos Grupos Municipais Ace, Aspun, BNG e PS de G-PSOE, relativa á solicitude á Deputación de melloras na estrada 1002 "A Magdalena-Herbello" que é como segue:
"Expediente núm.: 2017/2018

Procedemento: Solicitude á Deputación de melloras na estrada 1002 "A Magdalena-Herbello"

Recollendo a solicitude da A.V.V. NÓS, de San Pedro e Cimadevila, os Grupos Municipais asinantes, con representación na Corporación Canguesa, presentan ao Pleno a seguinte

Moción:

A estrada EP 1002, que une A Magdalena con Herbello, no seu tránsito polos lugares de A Magdalena, Ourelo, San Pedro, Cimadevila e Gástelo, é comunmente utilizada polo alumnado dos IES María Soliño e Monte Carrasco, os usuarios dos autobuses Cerqueiro e do transporte escolar ao CEIP de San Roque, a veciñanza lindante coa estrada, así como os viandantes con destino ao miradoiro e zona de esparcemento do Balcón do Rei, sen esquecer que é ruta tradicional tamén para o cemiterio e a igrexa parroquial.

A estrutura da estrada, coas cunetas invadidas pola vexetación, sen beirarrúas nin espazos para os peóns, abriga a estes a invadir a calzada co conseguinte perigo para a súa integridade física, xa que os coches poden alcanzar altas velocidades pese a limitación de 50 Km/hora existente na estrada.

Proposta de acordo:

O Concello de Cangas dirixirase á Deputación de Pontevedra, titular da estrada, para poñer en marcha todos os mecanismos que sexan precisos cara a dotar á devandita estrada dunha beirarrúa que percorra, cando menos, os lugares mencionados antes de termos que lamentar algunha desgraza."





DELIBERACIÓNS:

Sr. Alcalde: aclara que a moción é conxunta de catro grupos políticos. Explica o contido desta indicando que se presenta a iniciativa dun colectivo municipal, avalado coa sinatura de centos de persoas afectadas.

Sr. Gestido Porto: di que apoiará a moción e pide que o grupo de goberno non espere a que actúe a Deputación e poña en marcha os seus propios mecanismos.

Sr. Iglesias Santos: reitera o compromiso de esixir á Deputación o arranxo da estrada.

Sra. Giráldez Santos: apoia a solicitude e indica que animaron aos afectados a que presentasen as sinaturas para reforzar o pedimento ante a Deputación. Indica que o concello non pode actuar ao marxe da Deputación, porque se trata dunha estrada provincial.

Sr. Hermelo Álvarez: recalca a necesidade de que o arranxo chegue ata Aldán.

Sr. Abalo Costa: indica que apoiará a moción, se ben cre que non é suficiente con instar á Deputación, considera que serán necesarias outras medidas de presión.

Sr. Soliño Costas: cre que se trata dunha proposta sensata e xusta, polo que a van apoiar e pide beirarrúas polas dúas marxes. Espera que esta proposta non quede en saco roto e lembra que a Deputación non está a cumprir cos compromisos asinados fai anos coma é o caso do vial O Viso- Igrexario.

Sr. Alcalde: lembra que a estrada do Viso - O Hío non é obxecto deste punto.

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.





Expediente 2006/2018. Mocion conxunta s/ rexeitamento á creación dun produto paneuropeo de pensións individuais

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 26.04.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción conxunta dos Grupos Municipais Ace, Aspun, BNG e PS de G-PSOE, relativa ao rexeitamento á creación dun produto paneuropeo de pensións individuais, que é como segue:

“Expediente: 2006/2018

Procedemento: Moción conxunta s/ rexeitamento á creación dun produto paneuropeo de pensións individuais.

Moción Conxunta:

Visto o escrito presentado polo Movemento Galego pola Defensa do Sistema Público de Pensións (MODEPEN) para instar ao goberno municipal a que se dirixa ao Parlamento Europeo para que rexeite a creación dun produto paneuropeo de pensións individuais (PEPP) proposta pola Comisión Europea, co seguinte texto:

Exposición de motivos.

En xuño de 2017 a Comisión Europea (CE) remitiu ao Parlamento Europeo (PE) unha Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre un produto paneuropeo de pensións individuais (PEPP). Da proposta dedúcese que:

1- O PEPP ten como primeiro obxectivo a creación dun mercado de capitais europeo dentro do "Plan de acción da Comisión para a creación dun mercado de capitais de setembro de 2015". A proposta da CE afirma que "Un mercado de pensións europeo de 'terceiro pilar' de maior tamaño impulsaría tamén a achega de fondos de investidores institucionais". O PEPP non é, polo tanto, un instrumento de protección social, senón un mecanismo de acumulación de capitais.

2- A CE renuncia ao obxectivo das pensións públicas seren suficientes, "o Informe sobre adecuación das pensións de 2015 concluíu que o aumento dos aforros adicionais ... destinados á xubilación podería ... mitigar as repercusións dunhas pensións máis baixas dos réximes públicos nalgúns Estados membros... as pensións complementarias poderían desempeñar un papel chave nos ingresos por xubilación, en particular cando as pensións públicas poidan ser inadecuadas".

3- Para promover a subscripción do PEPP a CE esixe que se establezan nos Estados membros desgravacións fiscais, "A fin de animar os Estados membros a concederen unha desgravación fiscal aos PEPP, a Comisión adoptou, xunto coa presente proposta, unha Recomendación sobre o tratamento fiscal dos produtos de pensións individuais, incluído o produto paneuropeo de pensións individuais". As desgravacións fiscais polas achegas aos plans de pensións individuais son moi regresivas. As traballadoras e traballadores de salarios baixos non poden destinar





ningunha cantidade a plans de pensións e polo tanto non desgravan. Son os perceptores de altos salarios e rendas do capital os que poden realizar grandes achegas e desgravar.

4- O PEPP abre un enorme espazo á valoración do capital financeiro. O valor de mercado das pensións individuais é de 0,7 billóns de euros. A CE calcula que, sen a introdución do PEPP, aumentará até 1,4 billóns en 2030 e, de se introducir o PEPP, até 2,1 billóns. O principal obxectivo da CE non é garantir unhas pensións dignas para as traballadoras e traballadores na idade da xubilación, senón como a Proposta repite unha e outra vez, "Obter máis capital e canalízalo cara a investimentos europeos a longo prazo na economía real". Porén, debería ser o sector público, a través dun orzamento europeo moito maior que o actual, o responsábel de decidir e executar os investimentos necesarios para a economía e a sociedade europeas, por exemplo, para a transición a un sistema enerxético descarbonizado.

5- A Comisión Europea (CE) enmarca o PEPP na promoción da innovación financeira, "promover unha contorna que estimule a innovación no sector de produtos financeiros ... o que pode contribuir á súa vez á prestación de pensións axeitadas, seguras e sostíbeis". Debemos lembrar que a innovación financeira estivo na orixe da crise financeira que estoupou con violencia en 2007 provocando ñas economías dos países capitalistas desenvolvidos a maior crise económica e social desde a Segunda Guerra Mundial. Ademáis a innovación financeira non garantirá pensións seguras, senón que contribuirá á acumulación de capitais en busca de valoración e á inestabilidade financeira que se desencadeou a partir dos procesos de financeirización da economía capitalista mundial. O despropósito e a irresponsabilidade chega ao máximo cando a CE suxire o investimento en "instrumentos derivados" de altísimo risco e que contribúen a incrementar de xeito exponencial a probabilidade e gravidade das crises financeiras.

6- A CE explica que o PEPP permitirá "garantir que os consumidores sexan plenamente conscientes dos elementos chave do produto". A rendibilidade, ou a falta de rendibilidade, dos produtos financeiros é esencialmente incerta. Compre lembrar que na orixe da crise de 2007 está a creación e venda de produtos financeiros complexos construídos sobre hipotecas subprime. As tres grandes axencias de cualificación, Standar&Poor's, Moody's e Fitch, adxudicáranlles a eses produtos a cualificación de AAA, máxima solvencia, semanas antes de que o seu valor se reducirá a 0. Alan Greenspan, presidente entón da Reserva Federal e máximo guru das finanzas mundiais, recoñeceu "aínda que era consciente de que moitas de desas prácticas estaban a ter lugar, non tiña nin idea do significativas que chegaran a ser até demasiado tarde". Con estes antecedentes pretender que as traballadoras e traballadores "sexan plenamente conscientes dos elementos chave do produto" e dos riscos que corren só pode ser incompetencia ou cinismo.

7- A CE enumera os promotores do PEPP, "bancos, compañías de seguros, xestores de activos, fondos de pensións de emprego, empresas de investimento". De aprobarse polo PE o PEPP, producirase un desvío de posíbeis cotizacións sociais que poderían aumentar os ingresos dos sistemas públicos de pensións a empresas privadas que obterán importantes beneficios.

Por todo o exposto, os Grupos Municipais asinantes proponen ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Dirixirse a Comisión Europea para a retirada desta proposta de Regulamento do PEPP.

Segundo: Dirixirse o Goberno Español para que propoña e apoie a retirada desta proposta no





Consello Europeo.

Terceiro: Dirixirse os Grupos Parlamentarios para que rexeiten dita proposta de Regulamento cando saia a debate na Comisión Europea.

Cuarto: Dirixirse ao Goberno español e aos Grupos Parlamentarios da Comisión Europea para pedirle que estudie as medidas necesarias para que os sistemas públicos de pensións garanticen unhas pensións dignas e suficientes.

Quinto: Dirixirse o Goberno Español e aos Grupos Parlamentarios da Comisión Europea para que promovan a eliminación das desgravacións fiscais das aportacións os fondos de pensións privados.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Alcalde: indica que a moción se presenta a pedimento do grupo Modepen.

Incidencias:

Cando son as 20:22 horas suspéndese a sesión para a intervención do colectivo afectado.

Cando son as 20:27 horas reanúdase a sesión.

Sr. Gestido Porto: di que apoiará a moción.

Sr. Iglesias Santos: sinala que estamos nunha época de incerteza respecto ao plantexamento para facer fronte a pensións e obrigas sociais no futuro. A xente maior necesita saber claramente cal vai ser a súa situación e se van a ter protección e defensa na última etapa da súa vida. Apoiarán a moción.

Sr. Millan Blanco: fai unha análise dos puntos de acordo presentados na moción, están totalmente de acordo co cuarto punto, pero vota en falta concreción en canto aos tres primeiros. Indica que está de acordo en que un produto privado de aforro non pode substituír ao sistema público de pensións, unicamente coma complemento para certas persoas. Está de acordo en que o sistema debe ser reformado para garantir o futuro das pensións en base a un imposto que xa se está a propoñer. Cre que os tres primeiros puntos necesitan concreción.

Van apoiar a moción, porque están de acordo co seu contido. Indica que con cargo ao fondo da Seguridade Social se utilizan 144 millóns de euros e que os plans privados de pensións só absorben o 12% de aforro fronte ao 38% no resto de Europa.

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 1956/2018. Moción do grupo PP de 09.04.2018 para solicitar á Consellería de Infraestruturas e Vivenda unha actuación integral no tramo de concentración de accidentes da PO-551 (entre o pk 16+200 e 17+200)

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 10, En contra: 11,





Abstencións: 0, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 26.04.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, presentada o día 09.04.2018, relativa a solicitar á Consellería de Infraestruturas e Vivenda unha actuación integral no tramo de concentración de accidentes da PO-551 (entre o pk 16+200 e 17+200), que é como segue:

“A Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia, dentro das actuacións encamiñadas á mellora da seguridade viaria en varios treitos de estradas da rede autonómica identificados coma treito de concentración de accidentes (TCA), tiña previsto no Concello de Cangas unha actuación a escasos 200 mts. da rotonda de saída do Corredor na PO-551 (Rotonda do Gordo) a altura do semáforo de Santo Domingo na saída do barrio da Pedreira e Camiño Vello de Rodeira e a 500 mts. da rotonda prevista en Tirán (Enfronte o supermercado Lidl).

Tendo en conta que esta actuación, na maior parte está eliminada, desde o punto de vista do PP de Cangas entendemos que é o momento para pedir que se actúe noutro dos puntos de concentración de accidentes do noso Concello, onde existen segundo conversas recentes co Director da Axencia Galega de Infraestruturas, estudos derivados dunha análise detallada dos accidentes rexistrados no período 2013-2017, téndose identificado como TCA no ano 2017, mais en concreto no tramo da estrada PO-551 comprendido entre os puntos quilométricos 16+200 e 17+200.

Consideramos que antes de efectuar un proxecto construtivo, se debería de elaborar en colaboración co Concello, un documento resumo que reúna todos os aspectos necesarios para levar a cabo sen incidencias e con presa, os trámites de información pública e informe de administracións afectadas.

Ademais xusto neste tramo a AXI ten redactado os proxectos, "Mellora da seguridade vial (MSV) na PO- 551 no entorno de TCA .Treito: P.K. 14+750 ao 18+000 e 20+500 ao 23+300", e tamén o proxecto "Variante de Cangas, treito I :PO 551-Av.Marín (Cuxo trazado se inicia cunha glorieta xusto ao final do TCA) e segundo nos consta, está en redacción o proxecto "Itinerario peonil na PO-551.Treito:CG-4.1- A Madalena .P.K.14+440-15+910" (PO/17058.06), no que se definen sendas nun tramo moi próximo ao TCA.

Por todo iso efectuamos as seguintes PROPOSTAS DE ACORDO:

O Pleno do Concello de Cangas propón á Consellería de Infraestruturas e Vivenda unha actuación integral neste TCA (PO-551 entre os P.K.16+200 e 17+200) que polo menos teña en consideración as seguintes actuacións:

-Posible execución dalgunha glorieta na que poder realizar xiros á esquerda en condicións de seguridade. Mais en concreto na intersección coa EP-1001 no P.K.16+340.

-Melloras nas interseccións con outras estradas (EP1002), por exemplo con cuñas de cambio de velocidade ou construción de carrís centrais de espera.

- Mellora da seguridade nos pasos de peóns e nas paradas de bus, establecendo medias que





garantan a súa visibilidade (Restrición aparcadoiros, orellas nas beirarrúas,...)

- Revisión da sinalización horizontal e vertical.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Soliño Costas: explica o obxecto da moción presentada e dá lectura aos puntos de acordo.

Sr. Gestido Porto: considera necesaria a revisión integral de todas as estradas públicas, polo que cre necesario que se elabore un estudo de necesidades por parte do concello.

Sr. Iglesias Santos: di que apoiará a moción para que a administración competente, que é a autonómica, actúe á maior brevidade.

Sr. Abalo Costa: cre que o PP tendo o goberno na Xunta non ten sentido que presente estas mocions no Pleno, pide que actúan para que o seu partido cumpra as súas obrigas.

Sr. Hermelo Álvarez: di que non apoiará a moción porque a reordenación do tráfico non se debe facer a base de parches e urxencias, debe realizarse un estudo de necesidades debidamente.

Sra. Giráldez Santos: di que lle sorprende esta moción do PP na que se insta á conselleira do seu partido político, cando a conselleira xa ten previstas varias actuacións. Cre que o pedimento do PP non é axeitado porque a PO 551 require dunha actuación integral tal e como recoñece a propia concelleira, en breve sairán publicadas as actuacións previstas para o mes de maio. Di que o equipo de goberno lle vai dar un voto de confianza á Conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

Sr. Alcalde: explica que tivo unha reunión onte pola tarde con Ethel Vázquez e se comprometeu a actuar nos dous puntos mais conflictivos por concentración de accidentes e van adxudicar a sinalización horizontal e vertical en dúas estradas. Non apoiará a moción porque as peticións do equipo de goberno son moito máis ambiciosas, comprométese a facilitarlle aos grupos da oposición do estudo elaborado pola Policía Local e que se lle remitiu á Consellería de Infraestruturas e Vivenda. Di que os pasos están dados e á espera de que se publiquen as actuacións que se van realizar pola consellería.

Sr. Gestido Porto: está de acordo en esixir actuacións completas e non meros parches urxentes.

Sr. Iglesias Santos: cre que a moción é boa para os veciños e Cangas, aínda que pode ser insuficiente a que vai a apoiar.

Sr. Soliño Costas: di que se propón unha actuación en tramos de concentración de accidentes, o principal deles é a PO 551, e cre que nese tramo se debería comezar, sen prexuízo de que se realicen máis actuacións tamén na PO 315, cre que por algún lado hai que empezar e debería se arranxarse o tramo máis perigoso que é ao que se fai referencia na moción.

Sr. Alcalde: repite que a consellería vai realizar dúas actuacións, os tramos de concentración de accidentes previstos pola consellería son: Santo Domingo e a Magdalena, que son dous tramos. Paralelamente a iso vai a actuar noutros tramos na PO 551 e PO 315.

Sr. Abalo Costa: cre que votar a favor de todo o que sexa bo para Cangas é populista, o importante para o pobo é o que se fai de forma efectiva e non os meros acordos, coma





demonstrou o goberno anterior que se dedicou a vender fume. Di que se el o fai mellor ou peor o xulgará o pobo de Cangas.

Sr. Soliño Costas: di que o pouco ou moito que está feito en Cangas foi grazas ao PP.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 10 (8 dos/as concelleiros/as presentes do PP, 1 do PsdeG-PSOE e 1 de Cangas Decide).

Votos en contra: 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 1954/2018. Moción do grupo PP de 15.04.2018 sobre o Plan de Inversións do contrato relativo ao ciclo integral da auga

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 8, En contra: 11,
Abstencións: 2, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 26.04.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, presentada o día 14.04.2018, relativa ao, Plan de Inversións do contrato relativo ao ciclo integral da auga que é como segue:

“En distintas ocasións o PP ten denunciado que a pesar de que no contrato de concesión do ciclo da auga recollíase un Plan de Inversións por importe de 3,5 M. de € que ademáis tiña un planeamento con inversións e datas concretas que debían ser iniciadas no verán do 2015.

Tres anos despois non hai nin rastro nin de esta primeira fase e menos das melloras que se tiñan que haber executado na EDAR. Certo é que fai preto dun ano a empresa concesionaria e Concello, a bombo e prato habían anunciado unha serie de obras, algunhas delas que o único que facían era mellorar a xestión da empresa pero non beneficiaban en nada aos usuarios deste servizo. O único que sabemos hoxe, é que cinco meses despois a obra do abastecemento a Herbelo que debía ser a 1ª obra que se executaba segundo o Plan de Inversións, e que en dito contrato tiña un orzamento de 144.000€, pasou por arte de maxia a preto de 300.000 €, e por riba está sen acabar incumprindo os prazos anunciados no seu día. Mentres tanto a empresa segue facturando como nunca.

Para este Grupo Municipal mais sorpresa é, que obras deste Plan de Inversións sexan incluídas dentro do Plan de Inversións dos Orzamentos do Concello para o ano 2018 e que se pretenda executar con cartos municipais obras que a empresa ten que executalas segundo o asinado no seu día no contrato de concesión.

Por todo iso efectuamos as seguintes Propostas de acordo :

1º.- Retirar dos Orzamentos Municipais obras incluídas no Plan de Inversións do contrato do





Ciclo da Auga.

2º.- O Pleno do Concello insta o Goberno Municipal a que consensúe coa empresa concesionaria un Cronograma cos proxectos de obras, importes e datas de execución polo importe de 3,5 M.de € que figura no contrato.

3º.- Que dito Cronograma sexa aprobado polo Pleno da Corporación.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Millán Blanco: lembra que fai un ano se trasladou ao Pleno que a concesionaria non estaba a executar o Plan de Inversións, polo que se expuso que tales obras as executara o Concello e llas cobrase á empresa. Indica que a empresa lle solicitou ao concello que se lles informase das obras que deberían realizar, non sabe se o concello lles respostou pero o certo é que a concesionaria a data de hoxe non entregou ao concello ningunha obra. Lembra que ademais os orzamentos do 2018 inclúen obras que figuran no Plan de Inversións e que debería executar a empresa concesionaria.

Sr. Gestido Porto: indica que fai un mes solicitou información sobre as obras que figuran no Plan de Inversións do ciclo da auga e non se lle respostou. Non entende a inactividade do concello fronte a situación na que se atopan as obras recollidas no Plan de Inversións.

Sr. Alcalde: indica que o listado de obras do Plan de inversións se aprobou cando o Sr. Gestido Porto estaba no goberno.

Sr. Iglesias Santos: pide a máxima transparencia en canto á execución da concesión do ciclo da auga, por tratarse dun contrato a 25 anos. Non ten coñecemento do nivel de execución e de cumprimento por parte da empresa concesionaria.

Sr. Abalo Costa: aclara que quen está a incumprir as obrigas deste contrato non e o concello, senón a empresa. Indica que a empresa xa tiña a obriga de executar certas obras nos seus primeiro 6 meses de contrato e non o fixo. Lembra que o contrato foi aprobado e adxudicado no goberno do PP e o problema tarifario o crearon eles. Aclara que o 20.04.2015 se aprobaron dous proxectos de obra cos correspondentes informes técnicos que non se executaron. Hai unha necesidade básica de que se realicen certas obras de inversión que están previstas dentro do contrato e o concello está a tomar medidas fronte a esta situación.

Sra. Giráldez Santos: di que votará en contra da moción. As obras de inversión que figuran nos orzamentos 2018 están aí previstas porque a UTE non as fai e son esenciais para o Concello.

Sinala que o concello só vai a actuar en inmobles de titularidade municipal. En canto a consensuar coa empresa un cronograma, lembra que o Concello está a tramitar a resolución do contrato por causas imputables ao contratista e ao tempo hai aberta unha mesa de negociación, pero todavía non hai un acordo. No momento en que haxa un acordo coa empresa se lle trasladará a todos os grupos políticos.

Sr. Millán Blanco: sinala que o expediente de resolución do contrato está caducado porque transcorreron os prazos legais, tal e como informaron os servizos xurídicos. A causa da caducidade é a inacción do Concello. En canto a actuación no barrio das Flores o concello non pode actuar, pero hai vontade e documentación por parte dos veciños de facer unha cesión ao Concello de Cangas. A municipalización do servizo soa moi ben, pero a realidade é que é un





proceso complexo, fai referencia ao acontecido ao respecto no concello de Teo, condenado ao pago dunha indemnización millonaria. Repite que o expediente de resolución do contrato do ciclo da auga caducou por desidia administrativa. Pide que se actúe para solucionar esta situación tan grave.

Sr. Alcalde: indica que para a cesión no ámbito do barrio das Flores é necesario que os inmobles cedidos cumpran unhas condicións.

Sr. Gestido Porto: repite que a información que pediu refírese aos proxectos das obras de inversións do Plan do ciclo da auga. Di que dificilmente vai poder adoptarse un acordo e avanzar neste expediente se o propio equipo de goberno non se pon de acordo. Cre que a situación actual é froito da irresponsabilidade do equipo de goberno.

Sr. Iglesias Santos: lembra que a concesión do ciclo da auga foi utilizada como arma electoral, transcorridos tres anos non se sabe realmente cal é a situación actual. O concello ten que chegar a onde poida para garantir un servizo básico coma a auga e ten que dar explicacións transparentes e concretas sobre en que situación está este contrato.

Sr. Graña Graña: indica que a inación do goberno tradúcese en contaminación.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 8 dos/as concelleiros/as presentes do PP.).

Votos en contra: 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN)

Abstencións: 2 (1 do PsdeG-PSOE e 1 de Cangas Decide)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 1955/2018. Moción do grupo PP de 15.04.2018 sobre a transparencia

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 10, En contra: 11,
Abstencións: 0, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 26.04.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, do día 15.04.2018, relativa a transparencia, que é como segue:

“Tras ler o informe dos concellos galegos elaborado por Dyntra (plataforma colaborativa que traballa na medición e xestión do goberno aberto nas organización e para a sociedade civil), o Concello de Cangas nun total de 34 concellos, atópase no posto 22 no que se refire a Transparencia.

As áreas menos transparentes cabe recordar que son; a económica financeira, obras e servizos, urbanismo, open data, participación, e transparencia municipal (esta última área debería cambiar de nome se ten ética).





¿Qué pasa con toda a transparencia desta nova maneira de facer política?, xa que podo tamén recordar que cada vez que se solicita copia dun Proxecto, listado de facturas, documentos que o fin e o cabo temos dereito como concelleiros a coñecer, o resultado é o silencio, o resultado é un burato negro no que se perden tanto as solicitudes de documentación como a documentación en si mesma.

Sinto ter que dicir que o Concello é cada vez mais opaco, o acceso á documentación para nós é cada vez mais vetado, xa que non se pode entender doutro xeito. Poño como exemplo o último Pleno ordinario, no que temos que dar conta das resolucións de alcaldía, ¿cómo é posible que nos sexan remitidas o mesmo día as dúas da tarde?

¿Cómo é posible que asuntos tan simples como poder ver a documentación do Pleno sexa toda una odisea?

Levamos xa varios meses notificando que non temos acceso nin ao rexistro de entradas/saídas, nin as resolucións de alcaldía en tempo e forma tal e como se nos dixo que sería.

Por todo isto exposto, promovemos os seguinte acordo:

1º.- Esixir o Goberno Municipal que solvete os problemas que impiden que os /as concelleiros/as teñamos acceso á información á que temos dereito según a leí.

2º.- Esixir o Goberno Municipal que cumpra a lei e conteste ás solicitudes de documentación tramitadas por rexistro en tempo e forma.”

Incidencias:

Cando son as 21:23 horas abandona o Salón de Sesións o Sr. Alcalde e queda na Presidencia a primeira tenente de Alcalde, Sra. Giráldez Santos.

DELIBERACIÓNS:

Sra. Hermelo Piñeiro: explica o contido da moción. Explica que hai solicitudes do PP desde o ano 2015, na que se pide documentación e se fan preguntas, a maioría delas se solicitan coa sinatura dos oito concelleiros do PP. Pregunta se esas solicitudes son de obrigada resposta.

A Sra. Secretaria indica que a solicitude de informes si esixe o pedimento dun tercio dos concelleiros, pero a solicitude de documentación non require de tal esixencia.

Sra. Hermelo Piñeiro: indica que hai solicitudes que si son respostadas, moitas veces despois de insistir moitas veces. Agradece a colaboración do concelleiro de Transparencia, pero di que ademais da colaboración pide que se lles facilite a documentación nos termos da lei, en tempo e forma. Dá lectura aos puntos de acordo.

Incidencias:

Cando son as 21:28 horas incorpórase ao Salón de Sesións o Sr. Alcalde.

Sr. Gestido Porto: sinala que moitos concellerios do goberno, cando estiveron na oposición demandaban unha transparencia que agora non respectan. Pide que cumpra o regulamento que eles mesmos aprobaron.





Sr. Iglesias Santos: pide ter coñecemento puntual e completo dos acordos que adopta o equipo de goberno e non ter que enterarse pola prensa.

Sr. Alcalde: indica que as actas da Xunta de Goberno Local se suben puntualmente á páxina Web do concello.

Sr. Sotelo Villar: di que actualmente hai unha lei de transparencia que temos que cumprir, entende que haxa limitacións de medios persoais, pero haberá que adoptar medidas, pagando gratificacións a outros traballadores e non sempre aos mesmos.

Sr. Pérez Gallego: aclara que se está a traballar para mellorar o sistema de envío de información, especialmente no caso das relacións dos rexistros e dos decretos. Pide que cando haxa problemas na recepción da documentación se lle poña no seu coñecemento vía email, ou pola vía que lles sexa máis fácil. Indica que se avanzou moito en materia de transparencia coa nova web, se ben recoñece que hai moito máis que facer e se está a traballar niso.

Sra. Hermelo Piñeiro: considera que hai moita opacidade e moita información que non se lle facilita e o poden probar. Indica que a web segue moi incompleta, recoñece que se avanzou nos últimos meses, pero non o suficiente, pon como exemplo que non figura na Web ningún proxecto de obras.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 10 (8 dos/as concelleiros/as presentes do PP. 1 do PsdeG-PSOE e 1 de Cangas Decide).

Votos en contra: 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 1957/2018. Moción do PSdG-PSOE de 16.04.2018 relativa ao presuposto comprometido polo Goberno de España para desenvolvemento das medidas contempladas no pacto de estado contra a violencia de xénero

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 26.04.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción conxunta dos Grupos Municipais ACE-SON, BNG, ASPUN e PS de G-PSOE, do día 03.05.2018, relativa ao presuposto comprometido polo Goberno de España para o desenvolvemento das medidas contempladas no pacto de estado contra a violencia de xénero que é como segue:

“A loita contra a violencia que se exerce cara ás mulleres ha de ser unha prioridade para toda a sociedade e tamén unha obriga que corresponde aos partidos políticos e en primeira instancia aos gobernos e administracións no marco das súas correspondentes competencias.





O Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero aprobado polo Congreso dos Deputados vincula directamente aos partidos políticos, poderes do Estado, Administracións Autonómicas e locais, no compromiso adoptado para contribuir á erradicación da violencia de xénero.

O Pacto de Estado é un instrumento complementario da nosa actual lexislación, que establece os marcos de coordinación institucional precisos para o desenvolvemento das diferentes medidas acordadas. Un total de 213 propostas de actuación que abordan o problema de maneira integral e que no seu conxunto melloran a situación das mulleres vítimas de violencia de xénero e a das súas fillas e fillos.

Pero non se poderá avanzar na erradicación da violencia machista e na atención específica ás mulleres se non se establecen estes mecanismos de coordinación necesarios entre as diferentes administracións e institucións con responsabilidade na materia, e tampouco se poderá seguir avanzando se non se dotan ás distintas Administracións (Comunidades Autónomas e Concellos), dos recursos económicos adecuados.

Hai que resaltar con respecto ás atribucións e competencias das Administracións Autonómicas, o recolleito no Pacto: "O disposto no presente Pacto deberá ser interpretado sen prexuízo do pleno exercicio polas Comunidades Autónomas das competencias que teñen atribuídas en virtude dos respectivos Estatutos de Autonomía, non podendo, en consecuencia, vincular ás Comunidades Autónomas ou outras Administracións Públicas, as recomendacións contidas no presente Informe cando afecten aos seus respectivos ámbitos competenciais".

Este aspecto é fundamental, ao recoñecer o esforzo e o compromiso económico das Administracións Autonómicas e Locais no marco das súas competencias específicas, dedicado á loita contra a violencia de xénero.

Por iso, e en función das medidas establecidas no Pacto, débese dotar ás devanditas Administracións das partidas económicas específicas correspondentes fixadas no Pacto, e comprometidas polo propio Goberno.

En base a estes acordos, hai que lembrar tamén que todos os Grupos Parlamentarios apoiaron e votaron a favor a Proposición Non de Lei presentada polo Grupo Socialista en outubro de 2017, relativa á solicitude ao Goberno de España a aprobación por Decreto Lei, en caso de prórroga presupostaria, o incremento de polo menos 200 millóns, para dar cumprimento aos acordos presupostarios do Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero.

Acordo que o Goberno de España incumpriu, a pesar de ser votado a favor polo Partido Popular.

Á súa vez, hai que destacar e denunciar que na proposta de Presupostos Xerais do Estado para 2018, incúmprese de novo o compromiso presupostario comprometido no Pacto.

Por todo o exposto, solicítanse os seguintes:

Acordos:

1.- Instar ao Goberno de España a que nos Presupostos Xerais do Estado, para as novas ou ampliadas competencias reservadas ás Comunidades Autónomas e aos Concellos, se destinen, vía transferencias, un incremento anual de 20 millóns de euros aos Concellos e 100 millóns de





euros destinados ás Comunidades Autónomas. Tal como figura no acordo do Pacto que di textualmente: "Os Presupostos Xerais do Estado, destinarán, vía transferencia aos Concellos, un incremento anual de 20 millóns de euros durante os próximos cinco exercicios".

2.- Presentar os proxectos de lei necesarios para acometer as reformas lexislaativas contempladas no Pacto de Estado reflectidas nas medidas 85 e 86.3, como condición para o desenvolvemento efectivo e en prazo de todas as medidas comprendidas no Pacto de Estado e para desempeñar un marco normativo coherente co Convenio de Istambul.

3.- Modificar a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local (LARSAL), tal e como se comprende na medida 61, incluíndo como competencias propias dos concellos a promoción da igualdade entre mulleres e homes e a prevención e atención integral fronte á violencia machista.

4.- Adoptar as medidas lexislativas e doutra índole que garantan a estabilidade e cualificación dos cadros de persoal que prestan servizos de atención á violencia machista no ámbito municipal e permitan contar con profesionais especializados.

5.- Establecer un acordo sobre estándares mínimos para a atención integral municipal ás vítimas das direfentes manifestacións de violencia machista, que leve aparelado un estudo de custos por poboación para a súa efectiva implantación, co fin de garantir unha resposta adecuada a todas as vítimas de violencia machista, con independencia do seu lugar de residencia.

6.- Dar traslado deste acordo Plenario ao Presidente do Goberno de España, á Ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e ao conxunto dos Grupos Parlamentarios no Congreso dos Deputados."

DELIBERACIÓNS:

Sr. Alcalde: aclara que se transformou esta moción do grupo municipal PSOE en moción conxunta.

Sr. Iglesias Santos: explica o contido da moción conxunta.

Sr. Gestido Porto: di que apoiará a moción.

Sr. Hermelo Álvarez: indica que a necesidade da posta en marcha da dotación económica a poñen de manifesto os seguintes datos: No ano 2017: houbo 150.000 denuncias, o que fai unhas 340 denuncias por día.

Sr. Alcalde: propón que se realice unha declaración institucional de rexeitamento e disconformidade fronte á sentenza do caso da manada.

Sr. Hermelo Álvarez: indica que o grupo ASPUN presentou unha moción para o vindeiro pleno, relativa á sinalada sentenza.

Sr. Abalo Costa: cre que dificilmente se pode solucionar o tema da violencia de xénero só con cartos, senón que é unha falta de superación do estado franquista do que aínda quedan resquicios en institucións coma a xustiza e exercito ou a Policía.





Concello de Cangas

Sr. Sotelo Villar: cre que non é só problema de cartos, senón de educación.

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta conxunta transcrita anteriormente.





Expediente 1958/2018. Moción do PSdG-PSOE de 16.04.2018 sobre dotación de aseos públicos en todo o termo municipal

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 26.04.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PSdeG- PSOE, presentada o día 15.04.2018, relativa á dotación de aseos públicos en todo o termo municipal que é como segue:

“No centro urbán da Vila de Cangas: os Xardíns de Soage; o entorno da Praza Municipal de Abastos; o Parque Infantil no antigo Aterrado; o Parque Infantil da Alameda Nova ou Xardíns do Señal; os Campos de Petanca e de Chave no entorno das Naves de Ojea; o Paseo da Praia de Rodeira.

Nos núcleos das Parroquias: O Entorno do Monte Facho e o Igresario, no Hío; o Entorno do Peirao e a Lonxa, en Aldán; o Adro de Santa María, o Entorno do Balcón do Rei e o Mirador de San Roque, en Darbo; o Adro do Divino Salvador, en Coiro...

Todos estes enclaves constitúen lugares de grande afluencia de público, sobre todo durante o verán, nos que semella imprescindible a dotación de aseos/urinarios públicos que, sen dúbida, os cidadáns usuarios van valorar moi positivamente.

Ademais, catro de cada cen persoas sufren o síndrome del colon irritable en España, segundo calcula a asociación de afectados por esta enfermidade. 150.000 adolecen de colitis ulcerosa e Crohn. Todos eles comparten a urxencia por ir ao baño, a incontinencia, os cólicos e a incomodidade cando saben que non hai un inodoro á vista.

Co obxectivo de evitar ou aliviar este tipo de situacións, e sen ánimo de que esta proposta se considere exhaustiva, cómpre que o Concello de Cangas inicie un estudio pormenorizado para dotar de tales servizos os lugares que se propoñen, tomando en consideración as experiencias doutros concellos, tendo en conta que é aconsellable instalar módulos de uso mixto unipersonal, adaptados para o acceso de minusválidos físicos e tamén con cambiadores para bebés.

Varios fabricantes destes módulos de aseos/urinarios públicos dispoñen dun sistema automático de apertura que se activa tras a introducción do importe indicado ou a lectura da correspondente tarxeta cidadá e tamén poden ser autolimpables. Incluso se pode estudar a posibilidade de que resulten totalmente gratuitos para o Concello mediante a concesión a unha empresa explotadora de mobiliario urbán; solicitando axudas á Administración Provincial, Autonómica e/ou Estatal, e tamén á Unión Europea. É dicir, que caben moitas posibilidades de afrontar a instalación destes servizos.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista solicita ao pleno da corporación a toma dos seguintes:

Acordos:





Que o Goberno Municipal inicie os trámites para dotar ao Centro Urbán de Cangas e aos enclaves das Parroquias que se indican na documentación anexa (Hío, Aldán, Darbo e Coiro) de módulos de aseos/urinarios públicos.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Alcalde: dá conta da emenda presentada que di:

“Instar ao Goberno Municipal a:

Iniciar os trámites para realizar un estudo da posibilidade de dotación de aseos públicos en distintos lugares do Concello de Cangas.”

Sr. Iglesias Santos: di que fai unha proposta para que se comence a abordar un problema que é considerable. Sinala que o goberno deberá facelo da forma que considere máis oportuna e viable, en base ás posibilidades económicas do concello e polas vías que considere convenientes. Acepta a emenda.

Sr. Soliño Costas: está de acordo coa proposta do PSOE, recoñece que son servizos que requiren dunha boa infraestrutura e de dotación económica.

Sinala que este tipo de aseos son necesarios pero deben de ter un tratamento que garanta o seu mantemento e coidado, en caso contrario o Concello no debería establecer tales aseos. Pide que se fagan as cousas ben, porque para dar un mal servizo é mellor que non se dea.

Sra Giráldez Santos: di que se vai a elaborar un estudo de viabilidade, dado o custo en medios materiais coma persoal para o mantemento destes aseos.

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a emenda presentada que di:

“Instar ao Goberno Municipal a:

Iniciar os trámites para realizar un estudo da posibilidade de dotación de aseos públicos en distintos lugares do Concello de Cangas.”

Expediente 1986/2018.Moción do grupo BNG de 20.04.2018 relativa ao servizo de transporte marítimo de ría

FavorableTipo de votación: Ordinaria

A favor: 11, En contra: 0, Abstencións: 10,
Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 26.04.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal BNG, do día 20.04.2018, relativa ao servizo de transporte marítimo de ría, que é como segue:





“O BNG cree que é posible converter o servizo de transporte marítimo e colectivo de viaxeiros nun modelo estratéxico, sostible e comprometido co medio ambiente que permita o desprazamento entre Cangas e O Morrazo coa cidade de Vigo por motivos laborais, administrativos, culturais ou sanitarios. Rápido, económico, sostible e medioambientalmente de calidade, de acordo a nosa idiosincrasia. Creemos que o transporte de ría debe converterse nunha pragmática aposta política para comunicar con racionalidade Vigo e O Morrazo. Na Galicia as rías non nos separan, se non que nos unen.

A aprobación do Regulamento (CE) 1370/21007 abrirá a posibilidade da recuperación da titularidade do transporte de ría superando as consecuencias da sentenza europea do ano 2006 e permitía adecúalo á nosa realidade e somételo aos intereses dos usuarios e usuarias, desde aquela o PP sistemáticamente rexeitou as iniciativas parlamentarias presentadas polo BNG que intentaban regularizar este servizo como público e posibilitar a recuperación e posta en valor deste.

A restitución do carácter público do servizo de transporte de Ría entre Vigo e O Morrazo acabaría definitivamente coa situación de desamparo dos usuarios poñendo fin á liberalización, este modelo de xestión que demostrou ser prexudicial política, económica e socialmente porque invade as competencias exclusivas de Galicia en materia de transporte, degradou a calidade do servizo e ameaza o seu futuro. Declarar o servizo de titularidade pública con control directo da Xunta de Galicia a través dunha Sociedade pública galega para o transporte marítimo da ría de Vigo, garantiría a estabilidade dos prezos, o mantemento das frecuencias, horarios, itinerarios e vixiaría a calidade do servizo en canto ás embarcacións e as estacións marítimas que terían que usar os pasaxeiros que habitualmente cruzan a ría.

Asistimos en moitas ocasións as decisións unilaterais das operadoras cando se suspendían os servizos con simples avisos nas súas redes sociais, avisos aos que non teñen acceso todos os usuarios, poucas horas antes, aludindo a razóns de seguridade polos temporais, ás burlas como aconteceu na recente semana santa coa suspensión por mal tempo mentres se mantiñan as viaxes programadas ás Illas Cíes, suspensións de frecuencias con avisos previos de escasas horas e sen publicidade que chegue á cidadanía sen ter en conta o grave trastorno que ocasiona aos usuarios e usuarias que se atopan sen medio alternativo.

A inclusión do servizo de transporte regular marítimo da ría de Vigo no plan de transporte metropolitano debería implicar unha maior vixilancia e control por parte da Xunta de Galicia e non estar ausente permitindo que sexan as empresas as que regulen dito servizo en función dos seus intereses, unicamente suxeitas a criterios de rendibilidade. Non podemos permitir a improvisación e que sexan as operadoras quen tomen decisións pola súa conta, pois reflicte que non hai administración que controle nin regule este servizo, só basta ver a información obrigatoria do Rexistro de empresas operadoras de transporte marítimo cos servizos inscritos que figura na propia web da Consellería de Infraestruturas e Vivenda sen actualizar e con datos incorrectos para darse conta da pouca ou nula implicación da Xunta neste medio de transporte clave para Cangas e O Morrazo.

O Servizo de Coordinación dos Plans de transporte dependente da Consellería de Infraestruturas e Vivenda ten as funcións de implantación, coordinación, xestión e seguimento do Plan de Transporte metropolitano de Galicia, a tramitación e a resolución dos expedientes sancionadores en materia de transporte terrestre e marítimo corresponde á Subdirección Xeral de Inspección do Transporte segundo establece o Decreto 1/2018 de 11 de xaneiro e a Comisión de Seguimento que figura nas estipulacións do convenio de





colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano na área de Vigo é a encargada do seguimento, interpretación e control do cumprimento do convenio e entre as súas funcións figura elaborar e elevar ás respectivas administracións competentes de propostas destinadas a mellorar a eficiencia do sistema de transporte da Área de transporte metropolitano de Vigo.

Por iso, o grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguintes

Acordo:

1. - Instar ao Goberno galego a adoptar un proxecto de Lei que restituía o carácter público de titularidade da Xunta de Galicia do transporte marítimo de viaxeiros na Ría de Vigo.
2. - Instar á Consellaría de Infraestruturas e Vivenda a que mentres non se restituía o carácter público estableza un protocolo de actuación para paliar os problemas ante as continuas suspensións do servizo de transporte regular marítimo e garantir os medios suficientes para que os usuarios e usuarias deste servizo poidan desprazarse coordinados en horarios e frecuencias.
3. - Instar á Consellaría de Infraestruturas e Vivenda á convocatoria da Comisión de Seguimento do convenio de colaboración para o desenvolvemento do transporte metropolitano co fin de mellorar a eficiencia do sistema de transporte da área de transporte metropolitano de Vigo.”

DELIBERACIÓNS:

Sra. Rial Pardo: explica o obxecto da moción. Indica que solicitou unha entrevista co Subdirector Xeral de Transporte para pedir a recuperación da titularidade do transporte de ría.

Sr. Sotelo Villar: di que non coincide en todas as cuestións plantexadas, pero si na maior parte. Fai referencia ao decreto aprobado polo goberno bipartito en funcións da Xunta que regulaba o transporte da ría, un goberno no que estaba o BNG, e que non fixo nada por este tema, senón que mirou para outro lado. Lembra que o PP de Cangas sempre aprobou que este servizo fose de interese público. O 14.07.2007, unha moción do PP pedía algo similar e o goberno de aquel entón votou en contra. No ano 1999 votou a favor dun proxecto no que estaba de acordo todas as formacións políticas para que o transporte de ría fose un servizo público. Cre que o pedimento de que se elabore un proxecto de Lei require do apoio da UE, para que tal proxecto non se bote abaixo. Están de acordo en que se traballe neste ámbito, pero cre que é necesario modificar a redacción da moción no seu punto primeiro.

Sra Giráldez Santos: indica que non ano 2006 saíu a resolución europea que liberaba o servizo de transporte de ría evitando o monopolio e impedindo que se tratase dun servizo público, polo que a situación non a creou o goberno bipartito da Xunta, senón a UE. Máis adiante a disposición transitoria do regulamento permitía recuperar o transporte de ría como servizo público, pero o PP votou en contra. No ano 2011 volveuse a pedir acollerse a esa disposición transitoria e o PP votou en contra e de novo aconteceu no 2014, no seno da Comisión da UE e a explicación que deu o PP é que foi debido a que non había ningún pedimento da Xunta de Galicia. A elaboración dun Proxecto de Lei ten por obxecto dirixilo ante UE para que permita acollernos á disposición transitoria do regulamento europeo.

Sr. Iglesias Santos: di que se vai abster. As resolucións da UE son obrigatorias para todos os





estados membros e non se basean en supostos concretos. As disposicións transitorias soen ter unha duración moi determinada. Cre que para modificar a situación é necesaria unha tramitación moi seria e complexa. Non se pode confundir interese público con titularidade pública. Pide un cumprimento exhaustivo da lei con respecto ás empresas que prestan o servizo. Considera que é necesario un estudo máis profundo do tema.

Sr. Sotelo Villar: di que en Cangas o 14.07.2007 o BNG votou en contra dunha moción nesta materia. Indica que entre o 2006 ao 2009 houbo membros do BNG no concello da Xunta e non fixeron nada. A Xunta debe esixir ás empresas o cumprimento estrito da normativa en canto a horarios, aforo, etc.... Repite que no seu momento o goberno autonómico non defendeu o transporte de ría debidamente, polo que non se debe repetir o mesmo. Propón o punto primeiro con esta redacción:

“1.- Instar a goberno galego a elaborar un estudo que busque unha alternativa viable para converter o transporte de ría nun servizo público.”

Sra. Giráldez Santos: di que tal estudo xa se fixo no ano 2014, no seno do goberno autonómico. Non aceptan a emenda.

VOTACIÓN E ACORDO DA EMENDA DO PP:

Votos a favor: 9 (8 dos/as concelleiros/as presentes do PP. e 1 de Cangas Decide).
Votos en contra: 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN) Abstencións: 1 do concelleiro do PsdeG-PSOE.

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a emenda transcrita anteriormente.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN).
Abstencións: 10 (8 dos/as concelleiros/as presentes do PP 1 do PsdeG-PSOE e 1 de Cangas Decide)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta das resolucións da Alcaldía ditadas entre o 19 de febreiro e o 25 de abril de 2018

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

Dación de conta da liquidación do Orzamento Xeral de 2017.

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.





Dación de conta dos informes de reparo de intervención segundo a base de execución núm. 38 do orzamento municipal.

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Sr. Soliño Costas: Pregunta se se concede algunha licenza para antena de telefonía móvil na UA 5.

Sr. Alcalde: resposta que non.

Sr. Soliño Costas: Sinala que na estrada de Nerga a Liméns, Fenosa rompeu a estrada e o reparou mal. ¿Váise facer algo ao respecto?

Sra. Giráldez Santos: di que esta semana veu o técnico da empresa e fixo un replanteo da reposición que hai que facer cos técnicos municipais e teñen que proceder a súa reparación inmediatamente.

Sr. Sotelo Villar: pregunta se teñen dereito a acceder á documentación que vai á Xunta de Goberno Local.

Sra. Secretaria: indica que o acceso directo aos expedientes da Xunta de Goberno Local se establece unicamente para os membros do órgano colexiado, pero que poderían acceder coa autorización do Sr. Alcalde.

Sr. Alcalde: autoriza que se dea acceso ás convocatorias e aos expedientes de Xunta de Goberno Local tamén aos membros da oposición.

Sr. Iglesias Santos: pregunta se está feita a relación de obras en inmobles en estado ruinoso e que poidan por en perigo á seguridade das persoas que circulan pola vía pública.

Pide a restauración da legalidade urbanística da casa sita en Cangas, propiedade da Igrexa, para que se aseguren as paredes á maior brevidade.

Sr. Alcalde: di que xa se concede un prazo ao respecto e aínda non atenderon ao requirimento presentando un proxecto, polo que se actuará ao respecto por parte do goberno municipal.

Sr. Soliño Costas: di que en Rodeira se está a facer unha actuación en relación á pista de voleibol. Pregunta se se vai arranxar, a cambiar de ubicación ou se vai facer algo ao respecto.

A Sra. Giráldez Santos resposta que o campo de vóley leva anos con problemas e queixas, houbo requirimentos debido aos golpes de balóns para que se adoptasen medidas de seguridade, tales coma o peche cunha rede, pero tal peche perimetral impide as actuacións de emerxencia dos socorristas. A mellor solución que se atopou é trasladar o campo de vóley e se está en conversas co clube de vóley, para atopar a ubicación máis axeitada. Tamén se está a consensuar con Costas do Estado.





Concello de Cangas

Sr. Graña Graña: solicitou copia do informe da DEAC do mes de xullo sobre o estado das praias que non se lles facilitou.

Pide os expedientes de verquidos de Medio Ambiente que tampouco se lle facilitaron, indicando que fai xa máis de dous anos que o solicitou por diferentes vías.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión do que eu, como secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

